

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 244/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX mediante escrito do 6 de outubro de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 6 de outubro de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación, por silencio administrativo, da súa solicitude presentada perante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Facenda e Administración Pública con data 4 de setembro de 2023, sobre o número de traballadores pertencentes á Escala de Ciencias da Administración da Xunta de Galicia, Especialidade de Bioloxía (Grupo I, Categoría 10) afectados polo artigo 217 do Real Decreto-lei 5/2023, de 28 de xuño.

O reclamante indicaba que non obtivo resposta á súa solicitude. A reclamación veu acompañada de copia da solicitude e do DNI do reclamante.

Segundo. Con data do 18 de outubro de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Facenda e Administración Pública para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola Administración foi o 20 de outubro de 2023.

Terceiro. Con data do 30 de outubro de 2023 a Consellería de Facenda e Administración Pública contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, remítese a Resolución do 26 de outubro de 2023, da Dirección Xeral de Función Pública, na que se concede o acceso parcial á información solicitada. Indica a resolución que a Xunta de Galicia asinou coas organizacións sindicais o 18 de outubro de 2017 o Acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos e o 15 de xaneiro de 2019, o Acordo de concertación do emprego público de Galicia, que tiñan por obxecto, entre outras medidas, o desenvolvemento dunha iniciativa plurianual planificada dirixida a incrementar a estabilidade do emprego público dependente da Xunta de Galicia, co obxectivo de reducir a taxa de temporalidade inferior ao 7% ao final do período establecido nos acordos asinados e en base aos cales se ven incorporando nos decretos que regulan anualmente as ofertas de emprego público, unha taxa adicional de estabilización das prazas que viñan estando ocupadas por persoal cunha vinculación temporal e que reúnen os requisitos aos que fanse referencia nas Leis de orzamentos xerais do Estado e da comunidade autónoma de Galicia. Indica a resolución que no anexo II do Decreto 62/2021, do 8 de abril, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ofertáronse 9 prazas no Corpo facultativo superior (subgrupo A1) escala de ciencias, especialidade de bioloxía. A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, prevé un novo proceso de estabilización mediante a convocatoria extraordinaria de prazas que non consumen taxa de reposición e este proceso de estabilización estruturouse en dúas vías, unha mediante a autorización dun terceiro proceso de estabilización adicional e outro mediante a convocatoria por concurso das prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1 da Lei 20/2021, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

De acordo coa disposición adicional primeira do Decreto 79/2022, o número total de prazas a ofertar no corpo facultativo superior, escala de ciencias e especialidade de bioloxía foi determinado nas Resolucións do 22 de decembro de 2022 pola que se convocan os procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivado da Lei 20/2021, que foron 18 polo sistema de concurso e 3 polo de concurso-oposición.

En relación coa información solicitada cos distintos parámetros e criterios que recolle a petición do interesado, resulta preciso a reelaboración de información xa accesible nos enlaces que se lle indican.

A resolución contén os enlaces ao detalle dos postos que se tiveron en conta para a determinación das prazas que conforman a oferta pública de emprego, as certificacións emitidas polo Director Xeral da Función Pública, a relación dos procesos selectivos convocados e as Relacións de Postos de Traballo do ámbito da Función Pública, segmentados por persoal funcionario e laboral.

Indica o informe remitido que a sentenza 713/2023, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no procedemento ordinario 292/2022 contra o Decreto 79/2022 do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionaria e laboral da Administración Xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, establece que non resulta imprescindible identificar cada un dos postos de traballo que se atopan vacantes, pois basta con incluír o número de prazas, xa que son as prazas vacantes que cumpren cos requisitos establecidos na norma as que se inclúen na oferta adicional de emprego público.

Cuarto.- O reclamante, con data do 13 de novembro de 2023, remite escrito no que comunica que recibiu a resolución da Dirección Xeral de Función Pública e manifesta en resumo que na resposta dada cítase unha serie de información que é pública e accesible, pero que considera insuficiente para dar resposta á súa solicitude, e que esa información só está en mans da administración da Xunta de Galicia e a mesma non é accesible.

Indica que a resolución non fai referencia ao artigo 217 da Real Decreto Lei 5/23 nin se menciona nada sobre o proceso selectivo convocado pola Orde do 22 de novembro de 2019, que foi o proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, e que establece como se calcula o número de prazas da taxa adicional. Considera que unha información crave para poder dar resposta á súa solicitude ten relación directa coa referida orde que contén no seu Anexo IV trece (13) prazas correspondentes ao proceso de consolidación do persoal indefinido non fixo e que coa información dispoñible non é posible determinar o número de traballadores que, ocupando unha destas 13 prazas estruturais, non superaron este proceso selectivo, xa que esta información non está publicada, nin é accesible pero considera que está en poder de Función Pública e é imprescindible para dar resposta á súa solicitude.

Considera que outro tipo de información que non pode determinarse coa información dispoñible, é identificar aquelas prazas que cumprindo os requisitos da Disposición Adicional 8ª da Lei 20/21, non foron incluídas posteriormente no concurso de méritos polo feito de que non figuraban nunha relación de postos de traballo, sobre a que pon un exemplo dunha traballadora sobre a que nun borrador de modificación da Consellería de Medio Ambiente, ao que indica que tivo acceso a través de vía sindical, propoñíase a creación dunha praza e figuraba información sobre esta traballadora referida a que por sentenza foi declarada persoal

laboral indefinida non fixa, do que conclúe o reclamante que a praza desta traballadora cumpría os requisitos que establece a Lei 20/21 para ser incluída no concurso de méritos, e por tanto, debería incluírse no concurso de méritos da Lei 20/21, independentemente de que a súa praza non estivese incluída nunha relación de postos de traballo. Indica que a traballadora non superou un proceso de estabilización convocado cun sistema selectivo distinto ao previsto na disposición adicional oitava da Lei 20/2021, e este tipo de información non está publicada, nin é accesible pero se está en poder de Función Pública e é imprescindible para dar reposta á súa solicitude.

Engade que tampouco pode determinarse o número de traballadores que ocupando unha praza estrutural que cumpría os requisitos establecidos no artigo 19.un.6 da Lei 3/2017, (prazas dotadas orzamentariamente, ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2016), non foron incluídas na OPE 2018, nin na referida Orde do 2019 que indica que non está publicada, nin é accesible pero está en poder de Función Pública.

Indica o interesado que de acordo coa información citada na Resolución da Dirección Xeral, pon de manifesto que Función Pública, para determinar as prazas afectadas pola Lei 20/21, non tivo en conta as 3 prazas da especialidade de bioloxía que figuraban no Anexo III (Proceso de consolidación de persoal indefinido non fixo) do Decreto 62/2021, do 8 de abril, que non estaban convocadas, nin outras 3 prazas que figuraban no Anexo III do Decreto 225/2020, que tampouco estaban convocadas e que farían un total de 15 prazas, cando unicamente se incluíron 9 prazas na Resolución do 22 de decembro de 2022, polo que conclúe que non se incluíron na OPE extraordinaria 2022 (Decreto 79/2022, do 25 de maio), nin na convocatoria da Resolución do 22 de decembro de 2022, un total de 6 prazas que cumprían os requisitos para incluír nos procesos de estabilización da Lei 20/21.

Considera o reclamante que Función Pública non tivo en conta para determinar as prazas afectadas pola Lei 20/21, a Disposición Adicional Oitava da Lei e por tanto quedaron excluídas do concurso, a pesar de ser unha disposición de obrigado cumprimento e que o criterio de *ininterrompida* adoptado na CCAA de Galicia de tres meses, non sería conforme coa Disposición Adicional Oitava, xa que esta disposición non establece que a ocupación teña que ser ininterrompida e a estes efectos pon un exemplo dunha traballadora que indica que pode comprobarse na “Listaxe de postos de estabilización da Lei 20/21” para concurso-oposición, publicados na web.

Quinto.- Con data do 14 de novembro de 2023 déuselle traslado do escrito presentado polo interesado á Consellería de Facenda e Administración Pública para que emitise informe sobre o mesmo.

A recepción da solicitude pola Administración foi o 17 de novembro de 2023.

Sexto.- Con data do 22 de novembro de 2023, a Consellería de Facenda e Administración Pública remite informe no que fai constar que o día 6 de outubro o reclamante presentou nova solicitude normalizada de acceso a información pública (nº de rexistro 2023/2721212 e Exp- 2023/T-00680) en relación á Escala Ciencias, Especialidade Bioloxía e o 23 do mesmo mes presenta nova solicitude na que indica que é unha mellora voluntaria da presentada o día 6. A Dirección Xeral da Función Pública o 2 de novembro de 2023, emitiu resolución de acceso de ambas solicitudes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñeráse no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A Dirección Xeral de Función Pública ditou a resolución do data do 26 de outubro de 2023, e a reclamación contra a mesma tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 6 de outubro de 2023, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O reclamante solicitou á Dirección Xeral de Función Pública información referida ao número de traballadores pertencentes á Escala de Ciencias da Administración da Xunta de Galicia, Especialidade de Bioloxía (Grupo I, Categoría 10) afectados polo artigo 217 do Real Decreto-lei 5/2023, sen obter inicialmente resposta, polo que presentou reclamación ante esta Comisión, recibindo resolución expresa con posterioridade.

A Resolución expresa da Dirección Xeral de Función Pública concede o acceso parcial á información solicitada, no que previa explicación do desenvolvemento do plan de estabilidade no emprego acordado coas organizacións sindicais, infórmalle de que se ofertaron 9 prazas no Corpo facultativo superior (subgrupo A1) escala de ciencias, especialidade de bioloxía (anexo II do Decreto 62/2021) e no novo proceso de estabilización da Lei 20/2021, estruturado en dúas vías, de acordo coa disposición adicional primeira do Decreto 79/2022, o número total de prazas a ofertar na especialidade de bioloxía, foron 18 polo sistema de concurso e 3 polo de concurso-oposición.

En relación coa información solicitada cos distintos parámetros e criterios que recolle a petición do interesado, resulta preciso a reelaboración de información xa accesible nos enlaces que se lle indican dos postos que se tiveron en conta para a determinación das prazas que conforman a oferta pública de emprego, as certificacións emitidas polo Director Xeral da Función Pública, a relación dos procesos selectivos convocados e as Relacións de Postos de Traballo do ámbito da Función Pública, segmentados por persoal funcionario e laboral.

No escrito remitido polo reclamante unha vez que se lle notificou a resolución expresa, manifesta que a información remitida non é suficiente para dar resposta á súa solicitude, e que a información crave para poder dar resposta á súa solicitude ten relación directa coa referida orde que contén no seu Anexo IV trece (13) prazas correspondentes ao proceso de consolidación do persoal indefinido non fixo e coa información dispoñible, non é posible determinar o número de traballadores que, ocupando unha destas 13 prazas estruturais, non superaron este proceso selectivo, xa que esta información non está publicada, nin é accesible pero considera que se está en poder de Función Pública e é imprescindible para dar resposta á súa solicitude, á vez que discrepa cos criterios que considera que a Dirección Xeral utilizou

para determinar o número de prazas, entre os que esta o criterio de ininterrompida adoptado na Comunidade Autónoma de tres meses, que lle levan a afirmar que non se incluíron un total de 6 prazas que cumprían os requisitos para incluír nos procesos de estabilización, e que por tanto non se aplicou correctamente a normativa.

A resolución impugnada concede parcialmente o acceso á información solicitada, mediante a remisión dun link a través do que se accede, como se comprobou por esta Comisión á seguinte información:

- Certificacións da Dirección Xeral de Función Pública no que figura, entre a doutros corpos e grupos, a información referente ao número de prazas correspondentes ao Corpo Superior (Subgrupo A1) e Grupo 1 do persoal laboral.
- Así mesmo, publícanse as referencias de ocupación dos postos, que son as que constaban no rexistro central de persoal a data de entrada en vigor da Lei 20/2021, do 28 de decembro (30 de decembro de 2021) en dous arquivos, un correspondente aos postos de concurso e outro aos postos de concurso-oposición, e separados por grupos de funcionarios (dende o grupo A1 á agrupación profesional) e en formato reutilizable (formato excel), os postos de traballo derivados dos procesos de estabilización da Lei 20/2021, e da Lei 5/2022, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste listado en formato reutilizable, figura código do posto, centro de destino, denominación do posto, NIF do/a funcionario/a que o ocupa, iniciais do nome e apelidos do funcionario/a que o ocupa, proceso ao que se somete (concurso ou concurso-oposición), grupo ao que pertence o posto, subgrupo, categoría e corpo da convocatoria estabilización.

Esta é a información dispoñible elaborada para a oferta de emprego público extraordinaria correspondente ao proceso de estabilización, que contén as prazas que reúnen os requisitos establecidos para os ditos procesos, a través das cales pode acceder á información solicitada.

As discrepancias que poida ter o reclamante respecto da correcta aplicación por parte da Dirección Xeral da normativa aplicable a estes procesos, non se poden encadrar dentro do dereito de acceso á información, e deben resolverse a través dos recursos e reclamacións que contra as normas ditadas pola Consellería competente en materia de Función Pública se poidan presentar.

Para obter a información que solicita o interesado, referente ás persoas que ocuparon esas prazas e coas distintas variables, é necesario cruzar a información contida nas referidas follas *excel*, nas que figuran os postos correspondentes aos grupos e categorías solicitados e as iniciais do nome e apelidos das persoas que ocupan os ditos postos, cos listados de admitidos e excluídos dos distintos procesos selectivos que se van convocando, para coñecer se cada un

deses traballadores, presentouse ou non a un ou a varios dos procesos selectivos convocados e que sexa un proceso selectivo distinto ao previsto na disposición adicional 8ª, comprobar se foi ou non admitido, e de estar o proceso selectivo finalizado, comprobar se o superou ou non.

É evidente que para dar a dita información, é necesaria unha labor de reelaboración de certa complexidade, se ben coa información publicada na web, cos arquivos publicados sobre as ditas prazas e os postos ocupados que cumprían os requisitos das normas de estabilización e de acordo cos criterios utilizados pola Dirección Xeral, e cos listados de admitidos e excluídos, e no seu caso, das persoas que van superando os distintos procesos selectivos, é posible coñecer a información solicitada.

Como establece a Sentenza do Tribunal Supremo 670/2022, do 2 de xuño, non se compadecería coa finalidade ou espírito da Lei, dar unha resposta que requira a elaboración de informe *ad hoc*, que entraría dentro das causas de inadmisión que establece o artigo 18.1.c) da Lei 19/2013. As sentenzas do Tribunal Supremo do 16 de outubro de 2017, do 3 de marzo de 2020 e 25 de marzo de 2021, puxeron de relieve que unha solicitude de acceso á información, pode comprender unha certa reelaboración, e que a reelaboración básica ou xeral, como é natural, non sempre integra, en calquera caso, a causa de inadmisión prevista no artigo 18.1.c). A acción previa de reelaboración, por tanto, na medida que á súa concorrencia se anuda unha severa consecuencia como é a inadmisión a trámite da correspondente solicitude, precisa que tales datos e documentos teña un carácter complexo, no que se debe elaborar, a partir dunha información pública dispersa e diseminada, mediante un labor consistente en solicitar, primeiro; ordenar e separar, despois, o que é información clasificada ou non e sistematizar, e ten que ser obxecto de diversas operacións.

No presente caso, solicitouse o número de traballadores que tivesen ocupado postos con determinadas condicións que se establecen nas normas de estabilización, que se tiveran presentado a un proceso de estabilización convocado cun sistema distinto ao previsto nunha disposición adicional, información que se ben se pode obter cruzándoa cos listados de admitidos e excluídos dos distintos procesos selectivos, débese considerar que requiren a elaboración dun un informe *ad hoc* de certa complexidade no que se recompila a información con todas as premisas solicitadas na petición, á que por tanto lle é aplicable a causa de reelaboración invocada, ao requirir un proceso de reelaboración.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación interposta por XXX contra a desestimación inicial por silencio administrativo e posteriormente contra a resolución do 2 de novembro de 2023.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,
María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.